

## I

–Si?

–Bo día. O señor Simón Varela, por favor?

–Quen chama?

–O meu nome é Ernest Rovira, secretario persoal da familia Dafonte-Llobet.

O meu nome é Simón, e son arquitecto. Xa sei, nin o meu nome nin moito menos a que me adico son cousas que a ninguén lle importan demasiado. Pero a miña nai sempre me dicía que a boa educación o é todo na vida. O meu nome é Simón. Aínda que tamén podería ser Nada. Total, aquí nunca chama ninguén. Se me descoido, xa nin os amigos chaman. E iso para dous ou tres que quedan. Antes non era así. Eu nunca fun un tipo deses populares, deses que son o centro de atención, a alma da festa, xa sabedes. Pero tampouco era ningún becho raro.

Ben, eu penso que non...

Cando estaba na escola pasaba as horas debuxando. Alteráballe o sangue ao meu mestre de Plástica, porque sempre debuxaba casas coas chemineas tortas e as cores a raiazos por fóra de calquera liña que marcasse os límites. E agora son arquitecto. Comecei a estudar a carreira en Barcelona, na Universitat Politècnica de Catalunya, no outono de 1990. Foron dez anos

(si, dez anos) moi intensos, de aprendizaxe, de festa, de amores... Pero todo acaba, todo marcha. Para cando o século XX se converteu no XXI, e o segundo milenio no terceiro, eu decidín celebrar tan solemne momento coa apertura do meu propio estudio de arquitectura aquí, en Vigo, a cidade onde xa hai hoxe case trinta e sete anos que nacín. E non tardei demasiado en me decatarse de que os grandes momentos da humanidade son tan transitorios, tan vulgares coma calquera outro. Para cando me quixen dar de conta, a sensación de fracaso e, sobre todo, a soidade, xa estaban instaladas comigo, nun recuncho escuro do meu estudio. Apenas pasa xente por aquí. Algún coñecido que busca ideas para arranxar a vella casa dos avós, herdeiros espelidos á procura dalgún proxecto de reforma co que tentar despistar a Lei de Costas... Pequenos traballos de subsistencia, e pouco máis.

Aquí xa case nunca chamaba ninguén, e moito menos ningún secretario persoal de ningunha das familias máis importantes da cidade. Así, a golpe de luns.

–Desculpe... Como di que se chama?

–Rovira, Ernest Rovira, e son, como xa lle dixen, o secretario persoal da familia Dafonte-Llobet. Sería vostede tan amable de me poñer co señor Simón Varela, por favor?

–Si, claro. Desculpe, pero é que non estaba certo de lle ter entendido ben. Eu son Simón, Simón Varela.

–Simón Varela, o arquitecto, entendo –quixo asegurarse a voz ao outro lado da liña, quizais tras decatarse da miña nerviosa incerteza. Así e todo, o orgullo é o orgullo, e pouco me faltou para lle responder: «non, Simón Varela, o sexador de polos, non te...». Contívenme a tempo.

–O mesmo, señor Rovira. En que o podo axudar?

Antes da resposta produciuse un breve silencio, como se do outro lado alguén non estivese demasiado seguro das capacidades do seu interlocutor. Á fin, e logo dun suspiro intencionadamente

mal disimulado, a voz do señor Rovira, quenquera que este home fose, reapareceu.

—Verá, don Simón —odiaba de todo corazón cada momento en que alguén se dirixía a min neses termos; en realidade non é que fosen demasiadas as ocasións, pero aquilo de *don Simón* sempre me facía sentir inevitablemente ridículo—, teño o encargo de lle comunicar o desexo da señora Isabel Llobet, viúva de don Eneas Dafonte Maristany, de contratar os seus servizos como arquitecto. No caso de estar vostede dispoñible, por suposto.

Aquilo tiña que ser unha broma. Alguén estaba a cachondearse de min. Ou iso, ou acababa de me tocar a lotería. *Dispoñible?* Por traballar para aquela xente había ser capaz de ir correndo, á pata coxa, e coa lingua de fóra con tal de firmar ese encargo. Nunha décima de segundo viñéronme á cabeza todos os anos que pasara soñando cun traballo importante. Quizais ese fose o empurrón que estaba esperando para me colocar, por fin, na primeira liña da arquitectura da cidade. Tentei dominar aquela revolución nerviosa e proseguir coa conversa.

—Ben, a verdade é que ultimamente andamos un pouco apertados de axenda, pero estou certo de que habemos topar un oco. En que consistiría o traballo? Se non é moito preguntar...

—Por suposto que non, don Simón —*don Simón*... Teño a sensación de que este fulano está a pasalo ben. Seguro que todo isto non é máis ca unha chanza—. Trataríase de deseñar e dirixir certa obra de reforma nunha das zonas da Casa Grande, o vello pazo dos señores Dafonte, non sei se vostede coñece...

—Algo me soa, creo que si... —*creo que si*, vaia trola. A Casa Grande, como todo o mundo en Vigo a coñecía, era un espléndido pazo na praia de Canido, ás aforas da cidade. Un vello casarón de principios do dezaioito que pasara a maior parte da súa historia no abandono e a deterioración, até que a primeiros dos anos cincuenta do século pasado Eneas Dafonte a adquirira. Todos os arquitectos na cidade coñeciamos a historia daquela casa, porque o seu traballo de restauración fora un dos mellores

exemplos de respecto pola arquitectura tradicional galega que, en anos de obras grises e racionais, se fixeran. Definitivamente, e se aquilo non era unha broma pesada, acababa de me tocar o premio gordo.

—De calquera xeito, señor Varela, saiba que o obxecto da miña chamada non é máis que o de establecer un primeiro contacto no que coñecer a súa dispoñibilidade. Se vostede nos confirma o seu interese no proxecto, será entón a propia dona Isabel a que posteriormente se poña en contacto con vostede.

—Por suposto, señor Rovira. Pode confirmar vostede o meu interese no traballo. Dígalle á señora Llobet que me chame cando queira, entón.

—Moi ben, pois así llo comunicarei. Moitas grazas polo seu tempo e atención, señor Varela.

—Moitísimas grazas a vostedes. Quedo á espera.

Colguei o teléfono, e deixei correr toda a tensión que levaba acumulando ao longo da conversa. Berrei forte, saltei, bailei e levei un bo golpe na perna contra a esquina da mesa do teléfono, pero era tanta a emoción que non estaba eu para reparar en dores nese momento.

Até onde eu coñecía, os Dafonte-Llobet tiñan sona de ser unha das vellas familias máis ricas e poderosas da cidade, mais tamén era verdade que un certo aire rancio, preso en recordos de tempos pasados, envolvía o seu nome cada vez que alguén falaba deles. Ademais, o nome dun dos homes da familia, o señor Xulio Dafonte, levaba xa un tempo soando polos fiadeiros da cidade, cun par de aparicións nas páxinas de sucesos do *Faro de Vigo* por algo relacionado con algunha das súas empresas, e non sei que leas máis. Supoño que debería terlle prestado máis atención á vida local, pero o certo é que por aquela época eu abría o xornal para ler a tira de Garfield, a programación da tele e a última páxina, sempre nesta orde, e pouco máis. Cando deixaron de publicar as historias do gato lambón, a miña relación coa prensa pasou a mellor vida.

Así as cousas, a excitación pronto deixou espazo para as dúbidas. Se os Dafonte-Llobet tiñan tantos cartos e tan boa posición como se lles supuña, tamén é verdade que, de virilles en gana, poderían ter contratado o premio Pritzker de Arquitectura de quenda para que lles reformase os alpendres. Por que eu, un chaíñas, e non Norman Foster? Ou calquera outro arquitecto galego, que aquí tamén os hai moi bos... Todo aquilo tiña que ser unha broma. Claro que o señor Ernest, ou quenquera que fose aquel tipo ao outro lado do aparello, parecera moi serio... «Ben, o mellor é tranquilizarse, e agardar. Se teñen que chamar, xa chamarán.»

O meu disface de persoa madura e tranquila desfiábase por momentos. As horas ían pasando coa lentitude das estacións ao meu redor. Unha efervescente primavera chea de ilusións pronto se transformou nun abafante estío ateigado das máis tolas ideas de éxito. O tempo seguía avanzando lentamente, até que esas ideas fulgurantes foron caendo como follas da miña cabeza ao longo dun incómodo outono. Eu xa me atopaba instalado na máis branca e fría das tristezas invernais, coa miña ilusión terriblemente avellentada, e convencido xa de que todo fora unha broma de moi mal gusto cando por fin, ao ir a tarde querendo facerse noite, o teléfono do meu estudio volveu soar. Dei un salto desde o sofá que me achegou considerablemente á posición natural da lámpada do teito. Planteime diante do teléfono e, coa tranquilidade peor finxida na historia do teatro universal, descolguei o aparello.

—Dígame?

—O señor Simón Varela? —aquela voz de muller anciá transmitiu xa desde o primeiro momento unha sensación de calma e dozura que me deixou un pouco desorientado.

—Si, son eu.

—Boa noite, Simón. Son Isabel Llobet, imaxino que Ernest xa lle terá falado de min. Desculpe que o chame a estas horas, espero non molestalo.

Xa antes de que se presentase sabía quen era aquela muller, e non precisamente pola primicia do amigo Ernest. Comprendín ao escoitala falar que era ela. Pero a sensación non deixaba de ser estraña, mesmo algo incómoda. Supoño que un é, en boa parte, os seus propios prexuízos, e eu imaxinara aquela muller, matriarca dunha familia tan poderosa, dona dunha voz certamente máis forte, dura. E preparárame para lle facer fronte a esa dureza. Porén, dona Isabel falaba case coa dozura dunha avoa, desa veciña maior, a de toda a vida, coa que te cruzas no portal do edificio. E, por riba, eu decatábame de que era ela, e xa non sabía cal debía ser o meu papel. Só sabía que o que tiña preparado non encaixaba naquela conversa. Non reparara aínda en que xa me comezara a chamar polo meu nome de pía. Como se toda a vida fose así.

—Oh, non, non. Non se preocupe por iso. Se, de feito, nin me decatara da hora, toda a tarde que levo enfrascado diante dos planos.

—Ahá—agora tiña a sensación de estar ante unha nai sabedora de que te acaba de pillar nunha bóla—. Pois mellor, entón. Verá, comunícame Ernest que habemos poder contar co pracer de traballar con vostede aquí, na casa —«Pero se eu dixen que tiña que consultar a miña axenda... Tanto se me notou?»—. Non sabe vostede a alegría que iso me produce.

—Vaia, pois alégrome eu tamén de que vostede se alegre —«Pero que raio estou a dicir?»—. Este... Si, ben, o certo é que si, xa me organicei un pouco para poder adicarme ao seu proxecto. Pero claro, sería bo que puidese coñecer un pouquiño mellor de que se trataría o asunto. Ernest, ben, o señor Rovira, comentoume algo sobre unha reforma da casa, pero tampouco me dixo moito máis. Non sei, quizais vostede...

—Por suposto, Simón, por suposto. Ernest toma moi en serio o asunto da discreción, e nunca comenta nada máis que o xusto. Non llo teña en conta, señor Varela. O certo é que a reforma en si non é na casa propiamente, senón nos seus xardíns, no vello estanque.

Quedei calado, tentando procesar toda a información que tanto consciente como inconscientemente o meu cerebro ía recibindo. Dona Isabel debeu entender o meu silencio como nota de certo desencanto.

—Espero non telo desanimado, Simón. Sei que unha reforma duns xardíns e un vello estanque de auga non son moi apetecibles para un arquitecto da súa categoría.

A miña *categoría*? Que me quería dicir con iso? Por un momento tiveron a sensación de que se estaba a burlar de min, como se soubese que eu en realidade non era ninguén. Comprendín entón que as miñas máscaras eran de todo inútiles ante aquela muller. Ela era quen realmente levaba o control da situación. E de calquera xeito, eu non ía por aí.

—Oh, non, dona Isabel. Só estaba a escoitar. Verá: a verdade é que a min tanto me ten traballar dentro que fóra da casa, señora. Agora, e sendo completamente sincero, non acabo de entender demasiado ben por que é comigo con quen vostede quere traballar. Eu sei que vostede podería perfectamente contratar o mesmo Miguel Anxo se iso for o que quixese.

—Non se preocupe vostede agora por iso, fillo. Aos meus anos, unha sabe xa con certeza cales son as boas decisións, e cales non. E eu estou plenamente certa de que vostede é a persoa máis indicada para levar a cabo este traballo. Logo dígame, contamos con vostede, si ou non?

Definitivamente, aquela muller sabía á perfección o que traía entre mans. Por un momento tiveron a sensación de que a miña resposta non ía ser máis ca outra pantomima, que a decisión xa estaba firmada, e que non fora eu, precisamente, quen puxera esa rúbrica. Pero seguían adiante.

—Por suposto, dona Isabel. Será un orgullo traballar para vostede.

—Fantástico! —exclamou ela desde o outro lado; chamoume moito a atención a súa voz nese momento, pois de certo parecía que realmente se estaba a alegrar polo noso acordo—. Pois non

se fale máis. Cando pode vostede vir por aquí? Vaille ben mañá? Ás cinco sería perfecto. Así poderemos falar con tranquilidade, e poderei explicarlle a vostede con máis detalle o traballo *in situ*. Parécelle ben así, pois?

E eu non fun quen máis que de asentir a todo aquel caudal de enerxía e satisfacción por parte daquela muller. Pola calor e dozura da súa voz non era fácil dilucidar cantos anos tería exactamente, pero, tendo en conta as historias que corrían pola memoria da cidade, imaxinei que debía andar entre os setenta ou setenta e cinco. E non obstante desprendía tanta enerxía... Asentín cun simple «ahá», que hoxe me parece se cadra aínda máis ridículo. Ao outro lado da liña, ela expresou a súa satisfacción e despediuse até o día seguinte.

—Non se fale máis, xa que logo. Deica mañá, Simón.

Ahá, e xa estaba todo dito. Pero eu seguía sen acabar de entender nada. Pasara o día enteiro a esperar por aquela chamada, e de súpeto, xa estaba todo dito. Ahá. Que significaba todo iso? Por que era eu a persoa máis «indicada» para ese traballo? E que traballo era ese, exactamente? Dona Isabel parecía a muller máis afable do mundo, pero esa sensación de candidez pouco a pouco foi deixando paso a unha ben distinta no meu maxín. Polo que se dicía por aí, a familia Dafonte-Llobet non tiña o máis limpo dos pasados, precisamente. E segundo parecía que andaban a contar agora os xornais, tampouco se podía dicir que o seu presente fose un verxel de honestidade. Que estaba a acontecer? Por un intre pensei na posibilidade de que me fosen empregar como cabeza de turco nalgún tipo de asunto escuro. E teño que confesar que mesmo sentín algo de medo. Chamádeme paranoico, pero quen ía botar en falla un arquitecto mediocre coma min se pasadomañá non volvía aparecer polo barrio? Ben, imaxino que os meus acredores a primeiros de mes, pero eu non me refería a iso. De súpeto decateime de que estaba empezando a sentirme atrapado nunha especie de rede da que eu non era aínda consciente máis que na miña imaxinación. Non sei que me excitaba máis, real-

mente: se a certeza dun novo traballo, e esta vez un de verdade, ou a inseguridade que rodeaba todo este asunto. Para cando me quixen decatar, a noite pecha xa se fixera dona de todo, e eu sentía que a miña cabeza estaba a piques de facer bum. Decidín que era mellor deixalo e agardar, outra volta, a ver que nos depararía o día seguinte. Á fin e ao cabo, en realidade non podía ser moito peor do que a miña vida xa era de por si. Deiteime no sofá azul do estudio, coa certeza de que non podería pegar ollo en toda a noite. Cinco minutos máis tarde, xa estaba durmido.